



ESTRATEGIA EPÍGRAFE G

ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO LEADER 2023-2027

GDR-23 MARIÑAS-BETANZOS



ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL
MARIÑAS-BETANZOS



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural



Xacobeo 21-22



CONTIDO

G.1. PROPOSTA 1	4
G.1.1 Denominación e breve xustificación do proxecto	4
G.1.2 Identificación da entidade tractora proposta e outras posibles entidades participantes	4
G.1.3 Motivación do carácter innovador do proxecto	6
G.1.4. Ámbito xeográfico de actuación	7
G.1.5. Obxectivos a conseguir	7
G.1.6. Actividades propostas	8
G.1.7. Resultados esperados, posibles beneficiarios e impacto no emprego	11
G.1.8. Incidencia do proxecto sobre determinados sectores da poboación	13
G.1.9. Impacto na mellora do ambiente e na valorización dos recursos naturais	14
G.1.10. Orzamento necesario e solvencia económica	15
G.1.11. Sostibilidade financeira	16
G.1.12. Plan de continxencia	16
G.2. PROPOSTA 2	17
G.2.1 Denominación e breve xustificación do proxecto	17
G.2.2 Identificación da entidade tractora proposta e outras posibles entidades participantes	17
G.2.3. Motivación do carácter innovador do proxecto	19
G.2.4. Ámbito xeográfico de actuación	19
G.2.5. Obxectivos a conseguir	20
G.2.6. Actividades propostas	21
G.2.7. Resultados esperados, posibles beneficiarios e impacto no emprego	23
G.2.8. Incidencia do proxecto sobre determinados sectores da poboación	25
G.2.9. Impacto na mellora do ambiente e na valorización dos recursos naturais	25
G.2.10. Orzamento necesario e solvencia económica	27
G.2.11. Sostibilidade financeira	28
G.2.12. Outras entidades e axentes a incorporar na proposta	28

ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa 1. Denominación	4
Táboa 2. Breve xustificación.....	4
Táboa 3. Entidade tractora.....	4
Táboa 4. Outras entidades participantes:.....	5
Táboa 5. Descrición da innovación	6
Táboa 6. Municipios e núcleos (Nº)	7
Táboa 7. Municipios e núcleos (Relación).....	7
Táboa 8. Obxectivos xerais	7
Táboa 9. Obxectivos específicos.....	7
Táboa 10. Listaxe de actividades	8
Táboa 11. Descrición das actividades enumeradas.....	9
Táboa 12. Descrición dos resultados esperados.....	11
Táboa 13. Incidencia do proxecto sobre sectores poboacionais	13
Táboa 14. Efectos medioambientais.....	14
Táboa 15. Orzamento e prazo de execución.....	15
Táboa 16. Solvencia económica (Información de recomendable inclusión).....	15
Táboa 17. Sostibilidade financeira.....	16
Táboa 18. Denominación.....	17
Táboa 19. Breve xustificación.....	17
Táboa 20. Entidade tractora.....	17
Táboa 21. Outras entidades participantes:.....	17
Táboa 22. Descrición da innovación	19
Táboa 23. Municipios e núcleos (Nº)	19
Táboa 24. Municipios e núcleos (Relación).....	20
Táboa 25. Obxectivos xerais	20
Táboa 26. Obxectivos específicos.....	20
Táboa 27. Listaxe de actividades.....	21

Táboa 28. Descrición das actividades enumeradas.....	21
Táboa 29. Descrición dos resultados esperados.....	23
Táboa 30. Incidencia do proxecto sobre sectores poboacionais	25
Táboa 31. Efectos medioambientais.....	25
Táboa 32. Orzamento e prazo de execución.....	27
Táboa 33. Solvencia económica.....	27
Táboa 34. Sostibilidade financeira.....	28

G.1. PROPOSTA 1

G.1.1 DENOMINACIÓN E BREVE XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

Táboa 1. Denominación
DESENVOLVEMENTO DUN SISTEMA ALIMENTARIO LOCAL NEUTRO EN CARBONO COMO FERRAMENTA DE MITIGACIÓN FRENTE AO CAMBIO CLIMÁTICO E MELLORA DA RESILIENCIA DOS ESPAZOS NATURAIS DO TERRITORIO

Táboa 2. Breve xustificación
<p>Desde o ano 2015 o GDR Mariñas-Betanzos desenvolveu distintas accións para estimular a produción e consumo de alimentos a nivel local (eco-comedores, promoción dos mercados locais, creación dunha Marca asociada á Reserva de Biosfera, formación en agroecoloxía; etc.).</p> <p>O obxectivo deste proxecto é impulsar e escalar as accións piloto xa iniciadas desde o GDR, deseñando novas actuacións aliñadas coas incipientes demandas do entorno, tanto ambientais, como sociais, económicas ou políticas.</p>

G.1.2 IDENTIFICACIÓN DA ENTIDADE TRACTORA PROPOSTA E OUTRAS POSIBLES ENTIDADES PARTICIPANTES

Táboa 3. Entidade tractorsa	
Denominación	ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS-BETANZOS
Datos de contacto	WWW.MARINASBETANZOS.GAL
Sector e actividades	GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL ASOCIACIÓN SEN ÁNIMO DE LUCRO

Táboa 4. Outras entidades participantes:				
Colaboración Público/Privada	Si	X	Non	
Entidade 1				
Denominación	ESCOLA INFANTIL A CARACOLA			
Datos de contacto	Beatriz Ferreira			
Sector e actividades	Cooperativa galega que xestiona unha escola infantil na cidade da Coruña e consume Eco, local e proximidade			
Entidade 2				
Denominación	UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (Instituto Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural; IBADER)			
Datos de contacto	Pablo Ramil Rego			
Sector e actividades	Entidade pública de apoio á innovación			
Entidade 3				
Denominación	CONCELLO DE A CORUÑA			
Datos de contacto	Emilio Lesta (Director área innovación, emprego e comercio)			
Sector e actividades	Entidade pública			
Entidade 4				
Denominación	GADIS RETAIL, SLU			
Datos de contacto	Melisa Plaguiaro (responsable Marketing)			
Sector e actividades	Empresa distribuidora de alimentos			
Entidade 5				
Denominación	ÁRTABRA COMUNICACIÓN, SL			
Datos de contacto	Javier Castro (socio director)			
Sector e actividades	Empresa de comunicación			

Entidade 6	
Denominación	ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE LOITA FRENTE AO CANCRO
Datos de contacto	Carlos Lamora (Vicepresidente da Xunta da Provincia da Coruña)
Sector e actividades	Entidade sen ánimo de lucro

6.1.3. MOTIVACIÓN DO CARÁCTER INNOVADOR DO PROXECTO

Táboa 5. Descrición da innovación	
Tipo de innovación	Descrición e xustificación
1. Produto	Se animará o incremento da produción e do consumo de produtos agro ecolóxicos, calculando e mitigando a súa pegada de carbono, de xeito que sexan producións neutras en carbono.
2. Procesos	Se deseñarán e testarán novos modelos loxísticos de distribución directamente do produtor ecolóxico ao consumidor final, sexa a familias, comedores de empresas, comedores de escolas, etc., identificando as claves para un funcionamento sostible. O abaratamento de custes e tempo na loxística será clave para o desenvolvemento dos circuitos cortos alimentarios. Se creará unha ferramenta para compensar a pegada de CO2 da alimentación, utilizando como sumidoiros de carbono os espazos naturais protexidos e as zonas húmidas.
3. Comercialización	Se perfeccionará unha aplicación online que permita coñecer a produción semanal ecolóxica de proximidade dispoñible polos produtores, e se poida facer desde aí a compra por parte da restauración colectiva. Esta aplicación permitirá mellorar a colaboración urbano-rural entre produtor e consumidor.

G.1.4. ÁMBITO XEOGRÁFICO DE ACTUACIÓN

Táboa 6. Municipios e núcleos (Nº)	
Nº de municipios (total)	16 (15 do GDR e Concello da Coruña)
Nº de núcleos de poboación (total)	Todos

Táboa 7. Municipios e núcleos (Relación)	
Relación de municipios	Abegondo, Aranga, Arteixo, Betanzos, Bergondo, Cambre, Carral, Coirós, Curtis, A Coruña, Culleredo, Irixoa, Oleiros, Oza-Cesuras, Paderne, Sada.
Relación de núcleos de poboación (total)	Todos os que teñan produtores ecolóxicos. Todos os que teñan escola con cociña propia (non con catering)

G.1.5. OBXECTIVOS A CONSEGUIR

Táboa 8. Obxectivos xerais
<p>1.-Acadar un Sistema Alimentario Local neutro en Carbono, no ámbito do GDR Mariñas-Betanzos traballando xunto coa cidade de A Coruña como mercado de proximidade prioritario, que compense a súa pegada en proxectos de mellora dos espazos naturais protexidos.</p> <p>2.-Promover a produción agro ecolóxica para abastecer a demanda actual e futura</p>

Táboa 9. Obxectivos específicos
<p>1.1.-CALCULAR a pegada de CO2 do sistema alimentario do territorio do GDR Mariñas-Betanzos e da cidade da Coruña, e identificar ámbitos de mellora.</p>

- 2.-REDUCIR a pegada de CO2 do sistema alimentario do territorio do GDR Mariñas-Betanzos e da cidade da Coruña con actuacións concretas: mellora da loxística de pedidos e reparto; promoción de produto local e de tempada a nivel municipal en comedores colectivos, escolas, restauración local; implicación da gran distribución de alimentos para reducir a pegada de CO2 das súas vendas.
- 3.-COMPENSAR a pegada de CO2 do sistema alimentario do territorio do GDR Mariñas-Betanzos e da cidade da Coruña con actuacións no territorio do GDR, identificando proxectos-sumidoiro de Carbono, preferentemente orientados a mellorar: os Espazos Naturais Protexidos, a cuberta forestal para a mellora do ciclo hidrolóxico da cunca, e as zonas húmidas.
- 4.-SENSIBILIZAR E EMPODERAR á poboación local dos concellos participantes, sobre a importancia de mudar os seus hábitos de consumo para combater o cambio climático (accións de visibilización da temporalidade da produción agraria; accións para visibilizar a conexión entre alimentación, ambiente e saúde)
- 5.-Promover o incremento da produción agro ecolóxica para satisfacer a demanda futura e garantir a sustentabilidade do territorio.

G.1.6. ACTIVIDADES PROPOSTAS

Táboa 10. Listaxe de actividades	
Actividade	Descrición e xustificación
1.-Calcular a pegada de CO2 do sistema alimentario actual dos 15 municipios do GDR e da cidade de A Coruña	Calcular en base a datos estatísticos a pegada alimentaria do conxunto de habitantes e da restauración no concello da Coruña e nos concellos do GDR
2.-Identificación de ámbitos de mellora para reducir a pegada de CO2 dos concellos identificados	Identificación de actuacións concretas para a redución da pegada de CO2 do consumo alimentario da poboación local e restauración. Estas actuacións poderán poñerse en marcha durante a duración do proxecto, por parte das distintas entidades asociadas
3.-Aplicación de accións para reducir a pegada de CO2 do sistema alimentario: 3.1.-Accións sobre a loxística de distribución en circuíto corto 3.2.-Accións de promoción do proxecto Eco comedores 3.3.-Accións para a implicación da restauración local no consumo de produtos de tempada	Identificación e posta en marcha de actuacións de mellora da loxística da distribución en circuítos cortos de proximidade. Accións de asesoramento para a transición dos menús das escolas a ecolóxicos e de tempada Accións para animar á restauración local e da cidade da Coruña a consumir produtos locais

3.4.-Deseño de actuacións para reducir a pegada de CO2 da gran distribución	Accións de redución da pegada de CO2 por parte da distribución alimentaria
3.5.-Accións de identificación de proxectos sumidoiro de Carbono en espazos naturais protexidos	Identificación de terreos no ámbito do GDR susceptibles de funcionar como sumidoiros de CO2 para compensar a pegada, e capacidade de compensación dos mesmos.
4.-Accións para sensibilizar á poboación local sobre alimentación saudable fronte ao cambio climático	Estudio para o coñecemento da percepción da poboación local sobre a ligazón entre alimentación e cambio climático.
4.1.-Accións para o coñecer a percepción da cidadanía sobre alimentación e cambio climático	Posta en marcha de xardíns agrarios, para que a poboación local perciba a temporalidade das producións agrarias
4.2.-Prantación de xardíns agrarios	Elaboración de materiais e realización de xornadas para difundir vínculos entre alimentación sa e saúde
4.3.-Materiais sobre alimentación e saúde	
5.-Accións para o incremento de produción agro ecolóxica	Accións para o crecemento da produción agro ecolóxica, tanto en superficie e volume, como en diversidade de cultivos
5.1.-Recuperación de terras agrarias	
5.2.-Asesoramento para a transición á produción agro ecolóxica	Apoio aos produtores/as en convencional para a súa transición cara a ecolóxico

Táboa 11. Descrición das actividades enumeradas		
Actividade	Calendario	Participantes
1.-Cálculo da pegada de CO2 do sistema alimentario actual dos 15 municipios do GDR e da cidade de A Coruña	Ano 2024 (febreiro a marzo)	Universidade Santiago Compostela (IBADER)
2.-Identificación de ámbitos de mellora para reducir a pegada de CO2 dos concellos identificados	Ano 2024 (febreiro a abril)	Universidade Santiago Compostela (IBADER)
3.1.-Accións sobre a loxística de distribución en circuíto corto	Ano 2024 (marzo a xuño)	GDR Mariñas-Betanzos
3.2.-Accións de promoción do proxecto Eco comedores	Ano 2024, 2025 (xaneiro a xuño)	Escola Infantil A Caracola

3.3.-Accións para a implicación da restauración local no consumo de produtos de tempada	Ano 2024 (marzo a setembro)	Concello de A Coruña (área de Turismo, Emprego e Comercio)
3.4.-Deseño de actuacións para reducir a pegada de CO2 da gran distribución	Ano 2024 (marzo a outubro)	GADISA Retail, SLU
3.5.-Accións de identificación de proxectos sumidoiro de Carbono en espazos naturais protexidos	Ano 2024 (marzo a outubro)	Universidade Santiago Compostela (IBADER)
4.1.-Accións para a plantación de xardíns agrarios	Ano 2024, 2025, 2026	Concello da Coruña e concellos do GDR
4.2.-Materiais e charlas sobre alimentación e saúde	Ano 2024, 2025, 2026	Asociación española de loita fronte ao cancro
5.1.-Recuperación de terras agrarias	Ano 2024, 2025, 2026	GDR Mariñas-Betanzos
5.2.-Asesoramento para a transición á produción agro ecolóxica	Ano 2024, 2025	GDR Mariñas-Betanzos

G.1.7. RESULTADOS ESPERADOS, POSIBLES BENEFICIARIOS E IMPACTO NO EMPREGO

Táboa 12. Descripción dos resultados esperados		
Resultado 1		
Descrición	Coñecer (T. de CO2) a pegada de CO2 do sistema alimentario no territorio do GDR e cidade da Coruña, para poder reduci-lo e compensalo	
Beneficiarios	Os datos serán de interese para o GDR Mariñas-Betanzos e demais entidades participantes no proxecto. Os produtores ecolóxicos, restaurantes e cidadanía en xeral, coñecerán a súa pegada alimentaria, e poderán compensala e actuar para reduci-la.	
Impactos esperados	Facturación (€)	
	Empregos (Nº)	
Outra información de interese	Se identificarán posibles indicadores e fontes de verificación para coñecer o impacto das medidas que se poñan en marcha	

Resultado 2		
Descrición	Identificación de accións concretas para reducir a pegada de CO2, cuantificando o seu impacto. Valoración dos costes para a súa posta en marcha e identificación de vías de financiamento máis aló de LEADER 2023-2027	
Beneficiarios	Os datos serán de interese para o GDR Mariñas-Betanzos e demais entidades participantes no proxecto. A Asociación Mariñas-Betanzos identificará accións concretas para a redución da pegada de CO2. Se buscará implicar a produtores e sector hostaleiro e empresas de distribución alimentaria, para a súa redución.	
Impactos esperados	Facturación (€)	
	Empregos (Nº)	

Outra información de interese	Analizar a posibilidade de financiar actuacións a través do Programa LIFE
--------------------------------------	---

Resultado 3	
Descrición	Accións de redución da pegada de CO2 e cuantificación do CO2 reducido en cada unha delas
Beneficiarios	Identificación dos impactos directos e indirectos da posta en marcha das distintas actuacións (3.1, 3.2, 3.3, 3.4, 3.5). As empresas de distribución alimentaria, sector da restauración e produtores alimentarios.
Impactos esperados	Facturación (€)
	Empregos (Nº)
Outra información de interese	

Resultado 4	
Descrición	Incremento na percepción da poboación sobre a súas ferramentas para facer fronte ao cambio climático
Beneficiarios	Identificación dos impactos directos e indirectos da posta en marcha das distintas actuacións (accións 4.1, 4.2). O conxunto da poboación do territorio será consciente da súa capacidade para mitigar o cambio climático, polo que será un beneficio para todo o planeta.
Impactos esperados	Facturación (€)
	Empregos (Nº)
Outra información de interese	

Resultado 5	
Descrición	Incremento do número de produtores ecolóxicos, incremento da superficie certificada en ecolóxico e incremento do número de producións

Beneficiarios	<p>Identificación dos impactos directos e indirectos da posta en marcha das distintas actuacións (accións 5.1, 5.2).</p> <p>Os produtores e produtoras ecolóxicas se verán beneficiados por un incremento da demanda da produción en ecolóxico.</p>	
Impactos esperados	Facturación (€)	Medir o impacto sobre o incremento de facturación dos produtores en ecolóxico
	Empregos (Nº)	Medir o impacto sobre o incremento de empregos en ecolóxico
Outra información de interese		

G.1.8. INCIDENCIA DO PROXECTO SOBRE DETERMINADOS SECTORES DA POBOACIÓN

Táboa 13. Incidencia do proxecto sobre sectores poboacionais	
Mulleres	<p>Se prestará especial atención á incorporación de mulleres na produción ecolóxica, así como de facer visible o traballo da muller no medio rural e na agricultura.</p> <p>Na actualidade hai 10 mulleres titulares ou co titulares de explotacións agrarias, e se buscará incorporar como mínimo a dúas máis (+20%).</p>
Mocidade	<p>Se traballará en paralelo desde o GDR Mariñas-Betanzos (como beneficiario do proxecto do Grupo Operativo TERRACTIVA 2022-2024), en identificar e mitigar os problemas para a incorporación de persoas mozas no sector agrario.</p> <p>Na actualidade hai 2 mozos agricultores incorporados, e se pretende incorporar outro máis (+50%).</p>
Outros colectivos	<p>O proxecto beneficiará aos produtores e produtoras en ecolóxico, xa que facilitará a comercialización das súas producións aforrando tempo, e permitirá incrementar a produción se estiveran interesados.</p>

G.1.9. IMPACTO NA MELLORA DO AMBIENTE E NA VALORIZACIÓN DOS RECURSOS NATURAIS

Táboa 14. Efectos medioambientais	
Positivos	<p>O proxecto pretende calcular, reducir e compensar a pegada de CO2 do Sistema Alimentario Local actual.</p> <p>Ademais, as accións de compensación se tratará de dirixilas á mellora dos espazos naturais protexidos e outros hábitats de interese dentro do territorio do GDR, orientando os investimentos a incrementar a resiliencia destes espazos</p>
Negativos	Non se prevén efectos negativos no medio ambiente
Cuantificación económica	Se calculará as necesidades económicas (Euros /T. de CO2) para compensar a pegada de CO2

G.1.10. ORZAMENTO NECESARIO E SOLVENCIA ECONÓMICA

Táboa 15. Orzamento e prazo de execución	
Orzamento (€)	<p>Pendente de definir para o conxunto das actuacións. Será necesario que as distintas entidades asociadas asuman compromisos orzamentarios que haberá que ir madurando durante o ano 2023.</p> <p>O proxecto terá uns costes de persoal das distintas entidades que participan no proxecto, e pode estimarse nunha media de investimento de 300.000 euros por socio, polo que o proxecto acadaría 1.800.000 euros de investimento.</p>
Prazo de execución	No ano 2023 se deseñará o proxecto e se comezarán a executar distintas actuacións, aínda que o horizonte para o total das actuacións será 2023-2028
Ingresos esperados (€)	<p>Se pretende canalizar o proxecto cara a unha Candidatura LIFE, que sufragaría o 50% dos costes totais do proxecto.</p> <p>As actuacións para o ano 2023 financiaranse desde Animación-LEADER</p>
Custos de explotación (€)	
Axudas solicitadas (€)	Programa LIFE (pendente de definir importes totais)
% do grao de apoio público	50% para LIFE Cambio Climático

Táboa 16. Solvencia económica (Información de recomendable inclusión)	
Prazo de recuperación (pay-back) anos	Ao ser un proxecto de carácter non-productivo, non é posible o seu cálculo
Valor Actual Neto (VAN)	Ao ser un proxecto de carácter non-productivo, non é posible o seu cálculo
Taxa Interna de Retorno (TIR)	Ao ser un proxecto de carácter non-productivo, non é posible o seu cálculo

G.1.11. SOSTIBILIDADE FINANCEIRA

Táboa 17. Sostibilidade financeira	
Ratio “Nº empregos xerados / investimento necesario (orçamento)” (Cálculo ou estimación)	O proxecto terá unha duración de 5 anos, e permitirá a creación de 5 empregos directos durante este tempo, un por cada unhas entidades socias do proxecto

G.1.12. PLAN DE CONTINXENCIA

O Plan de Continxencia no caso de que non puidera participar no proxecto algunha das entidades identificadas:

- A. Buscarase a participación das outras entidades no proxecto como:
- Fundación Juana de Vega.
 - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dentro da posta en marcha da Estratexia Galega de Enerxía Circular.
 - Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER).
 - Fundación Carasso.
 - Inditex.
- B. Buscarase financiar o proxecto dentro dunha candidatura LIFE, e no caso de non conseguirse, poderá executarse o proxecto en actuacións independentes con distintas vías de financiamento.

G.2. PROPOSTA 2

G.2.1 DENOMINACIÓN E BREVE XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

Táboa 18. Denominación
CORREDOR FLUVIAL: RÍA O BURGO-RÍO MERO-ENCORO ABEGONDO-RÍO BARCÉS-LAGOA DE MEIRAMA (2023-2027)

Táboa 19. Breve xustificación
<i>Os ríos Mero e Barcés vertebran unha parte importante do territorio do GDR Mariñas-Betanzos, coa importancia engadida de que conforman o Encoro de Abegondo-Cecebre de onde se abastecen de auga cerca de 500.000 persoas, por todo isto, a xestión da cunca hidrográfica, a restauración do bosque de ribeira asociado ós leitos e a mellora da conectividade ecolóxica resultan fundamentais nun escenario futuro de cambio climático.</i>

G.2.2 IDENTIFICACIÓN DA ENTIDADE TRACTORA PROPOSTA E OUTRAS POSIBLES ENTIDADES PARTICIPANTES

Táboa 20. Entidade tractora	
Denominación	ASOCIACIÓN MARIÑAS-BETANZOS
Datos de contacto	Jorge Blanco
Sector e actividades	Entidade sen ánimo de lucro; dada de alta no rexistro de entidades ambientais de Galicia

Táboa 21. Outras entidades participantes:				
Colaboración Público/Privada	Si	X	Non	

Entidade 1	
Denominación	EMPRESA MUNICIPAL DE AUGAS DA CORUÑA (EMALCSA) E CÁTEDRA EMALCSA
Datos de contacto	Ricardo Vázquez, Dtor. I+D+i
Sector e actividades	Empresa pública municipal encargada do tratamento, potabilización e distribución da auga na área da Coruña

Entidade 2	
Denominación	Cátedra Fillos de Rivera-Universidade da Coruña en desenvolvemento sostible
Datos de contacto	Ángel Fernández Castro (Director)
Sector e actividades	Universidade da Coruña

Entidade 3	
Denominación	Concello de Abegondo
Datos de contacto	José A. Santiso Miramontes
Sector e actividades	Administración pública local

Entidade 4	
Denominación	Concello de Carral
Datos de contacto	Javier Gestal
Sector e actividades	Administración pública local

Entidade 5	
Denominación	Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM). Consellería do Medio Rural. Xunta de Galicia
Datos de contacto	Juan Castro Ínsua, investigador
Sector e actividades	Administración pública local

G.2.3. MOTIVACIÓN DO CARÁCTER INNOVADOR DO PROXECTO

Táboa 22. Descrición da innovación	
Tipo de innovación	Descrición e xustificación
1. Produto	<p>Preténdese crear un Gran corredor fluvial ao redor dos ríos Mero e Barcés, que sirvan como elemento protector das augas que conflúen no Encoro de Abegondo-Cecebre, declarado ZEC e que forma parte da Rede Natura 2000.</p> <p>Este corredor permitiría garantir a calidade das augas no futuro, e ter uns espazos naturais máis resilientes fronte aos cambios derivados do quecemento global.</p> <p>Será así mesmo un laboratorio vivo onde testar modelos de ordenación e monitorizar os efectos.</p>
2. Procesos	
3. Comercialización	

G.2.4. ÁMBITO XEOGRÁFICO DE ACTUACIÓN

Táboa 23. Municipios e núcleos (Nº)	
Nº de municipios (total)	5

Nº de núcleos de poboación (total)	varios
------------------------------------	--------

Táboa 24. Municipios e núcleos (Relación)	
Relación de municipios	<p>Abegondo</p> <p>Betanzos</p> <p>Cambre</p> <p>Carral</p> <p>Cerceda</p>
Relación de núcleos de poboación (total)	

G.2.5. OBXECTIVOS A CONSEGUIR

Táboa 25. Obxectivos xerais
<i>Creación dun Gran corredor fluvial nos ríos Mero e Barcés, que conecte desde a ría do Burgo co Encoro de Abegondo-Cecebre (Rede Natura), e polo Barcés que conecte coa Lagoa de Meirama.</i>

Táboa 26. Obxectivos específicos
<p>1.- Restauración e creación dun robusto bosque de ribeira que funcione como conector de biodiversidade.</p> <p>2.- Analizar e propoñer medidas de ordenación da cunca hidrográfica, acordes co escenario de quecemento global e cos riscos futuros.</p> <p>3.- Identificación e aplicación de medidas para o uso do espazo dentro dunha estratexia de Eco Turismo.</p> <p>4.- Identificar boas prácticas ambientais no sector agrario, que favorezan á biodiversidade e a mellora ambiental.</p>

G.2.6. ACTIVIDADES PROPOSTAS

Táboa 27. Listaxe de actividades	
Actividade	Descrición e xustificación
1.1. Actuacións de plantación de árbores na ribeira dos ríos (Mero, Barcés, etc.) e encoros (Abegondo-Cecebre, Beche, Meirama)	Busca de acordos coas persoas e entidades propietarias dos terreos das marxes dos ríos e do encoro, e plantación nos lugares que sexa posible de vexetación de ribeira.
1.2. Elaboración dun plan de ordenación de usos na cunca do río Mero e nos seus afluentes, e Plan de continxencias.	Contratación da elaboración dun plan de ordenación de usos e Plan de continxencias na cunca do río Mero, co obxectivo de orientar os usos do solo neste espazo. Buscarase aliñar este Plan coas actuacións do Plan Hidrolóxico Galicia-Costa.
1.3. Identificación de actuacións para o uso público neste Gran corredor fluvial.	Elaboración dun Plan de uso público destes espazos, dentro da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas.
1.4. Deseño e testaxe sobre o territorio de boas prácticas agrarias que sexan beneficiosas coa biodiversidade	Utilizar o Centro de Investigación Agrarias de Mabegondo, con 350 hectáreas, como lugar de aprendizaxe cos agricultores, sobre boas prácticas agrarias que favorecen a biodiversidade.

Táboa 28. Descrición das actividades enumeradas		
Actividade	Calendario	Participantes
1. Identificación actividades de restauración	2024	Concello Abegondo, Concello Carral
2. Identificación de propietarios afectados	2024	Concello Abegondo, Concello Carral

3. Plantación árbores no bosque de ribeira	2024	Concello Abegondo, Concello Carral
4. Elaboración dun plan de ordenación de usos na cunca do río Mero	2024 - 2025	Cátedra Emalcsa Cátedra Fillos de Rivera
5. Elaboración Plan uso público do corredor fluvial	2023	Asociación Mariñas-Betanzos
6. Espazo demostrativo sobre boas prácticas beneficiosas para a biodiversidade na agricultura	2023 - 2025	CIAM

G.2.7. RESULTADOS ESPERADOS, POSIBLES BENEFICIARIOS E IMPACTO NO EMPREGO

Táboa 29. Descrición dos resultados esperados		
Resultado 1		
Descrición	Plantación de árbores ata conseguir un bosque de ribeira robusto, que pode estar entre os 5 e 20 metros a cada lado do río.	
Beneficiarios	Titulares dos terreos limítrofes cos ríos e encoros. Agricultores profesionais, que poderían recibir primas da PAC por mellora dos ecosistemas naturais Poboación en xeral, que verá mellorada a calidade da súa auga	
Impactos esperados	Facturación (€)	
	Empregos (Nº)	
Outra información de interese	Realizaranse actuacións complementarias coa plantación de árbores, como pode ser a eliminación de lixo ou de especies invasoras.	

Resultado 2	
Descrición	Elaboración dun Plan de ordenación de usos da cunca hidrográfica, que incorpore a perspectiva do cambio climático
Beneficiarios	Propietarios dos terreos da cunca hidrográfica. Administracións públicas e entidades que deben velar pola calidade da auga. Instituto de Estudos do Territorio. Dirección Xeral de Defensa do Monte (Consellería do Medio Rural).

Impactos esperados	Facturación (€)	
	Empregos (Nº)	
Outra información de interese	Neste plan se proporán usos do solo acordos coas previsións de cambio climático para os vindeiros anos.	
Resultado 3		
Descrición	Elaboración dun Plan de uso público da ZEC Encoro de Abegondo-Cecebre e do Gran corredor fluvial	
Beneficiarios	Todas as persoas, visitantes, turistas e veciños, que queiran desfrutar de visitas pola natureza a estes espazos	
Impactos esperados	Facturación (€)	
	Empregos (Nº)	
Outra información de interese	Buscarase contratar unha asistencia técnica para executar esta acción.	

Resultado 4		
Descrición	Deseño de medidas concretas de boas prácticas agrarias favorecedoras da biodiversidade, que poidan visitarse “in situ” no CIAM	
Beneficiarios	Todos os agricultores e agricultoras que queiran coñecer “in situ” boas prácticas agrarias favorecedoras da biodiversidade	
Impactos esperados	Facturación (€)	
	Empregos (Nº)	
Outra información de interese	O CIAM poderá ter un abano de solucións de infraestrutura verde favorecedora da biodiversidade que sirva como espazo de aprendizaxe.	

G.2.8. INCIDENCIA DO PROXECTO SOBRE DETERMINADOS SECTORES DA POBOACIÓN

Táboa 30. Incidencia do proxecto sobre sectores poboacionais	
Mulleres	<p>Este proxecto beneficiará a mulleres agricultoras que queiran aplicar boas prácticas que favorezan a biodiversidade na agricultura.</p> <p>No programa de visitas, organizaranse 2 visitas ao ano, cun mínimo de 5 agricultoras ou gandeiras en cada visita.</p> <p>No territorio existen 10 agricultoras titulares ou cotitulares, que se convidarán a participar nestas xornadas.</p>
Mocidade	<p>Este proxecto beneficiará a agricultores mozos que queiran aplicar boas prácticas que favorezan a biodiversidade na agricultura.</p> <p>No programa de visitas, organizaranse 2 visitas ao ano, cun mínimo de 10 agricultores mozos en cada visita.</p>
Outros colectivos	<p>O proxecto terá incidencia sobre a comunidade escolar e educativa, que será convidada a participar en xornadas específicas de difusión (CEFEAS; institutos, etc.)</p>

G.2.9. IMPACTO NA MELLORA DO AMBIENTE E NA VALORIZACIÓN DOS RECURSOS NATURAIS

Táboa 31. Efectos medioambientais	
Positivos	<p>O proxecto terá un impacto positivo directo sobre o medio ambiente, mellorando a biodiversidade e a conectividade ecolóxica.</p> <p>A plantación de árbores levará aparellada a fixación de CO₂. Supoñendo que fosen 10 quilómetros x 10 metros a cada lado do río x dúas beiras = 20 hectáreas plantadas, a un marco de 3x2 serían 30.000 árbores</p>

	Unha árbore absorbe 30 kg. CO2/ano, polo tanto as 30.000 árbores absorberían 900 T.de CO2 cada ano
Negativos	Non se agardan efectos negativos
Cuantificación económica	

G.2.10. ORZAMENTO NECESARIO E SOLVENCIA ECONÓMICA

Táboa 32. Orzamento e prazo de execución	
Orzamento (€)	<p>O orzamento total do proxecto alcanzaría os 500.000 euros.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Deseño do proxecto: 25.000 € - Persoal: 100.000 € - Retirar lixo e actuacións previas: 30.000 € - Plantación árbores: 265.000 € - Seguimento e avaliación: 80.000 €
Prazo de execución	<p>Este proxecto executaríase a distinto ritmo dependendo de si se puidera acceder a financiación específica.</p> <p>De non ser así, as actuacións desenvolveríanse ata o ano 2030.</p>
Ingresos esperados (€)	<p>Elaboraríase un proxecto completo para acceder a financiación a través do Programa LIFE ou axudas da Fundación Biodiversidade.</p> <p>Implicarase a Augas de Galicia e á Facultade de Bioloxía da Universidade da Coruña.</p>
Custos de explotación (€)	<p>Os custos de explotación serían os do persoal necesario para a execución das accións do proxecto.</p>
Axudas solicitadas (€)	<p>800.000 euros</p>
% do grao de apoio público	<p>Agárdase unha cofinanciación pública do 55%. O proxecto poderá encaixar dentro da posta en marcha da Estratexia de I.V. de Galicia.</p>

Táboa 33. Solvencia económica	
Prazo de recuperación (pay-back) anos	Non procede neste tipo de proxecto
Valor Actual Neto (VAN)	Non procede neste tipo de proxecto
Taxa Interna de Retorno (TIR)	Non procede neste tipo de proxecto

G.2.11. SOSTIBILIDADE FINANCEIRA

Táboa 34. Sostibilidade financeira	
Ratio “Nº empregos xerados / investimento necesario (orçamento)” (Cálculo ou estimación)	Non procede neste tipo de proxecto

G.2.12. OUTRAS ENTIDADES E AXENTES A INCORPORAR NA PROPOSTA

- A. Universidade da Coruña (Facultade de Bioloxía): María Servia e Dr. Jaime Fagúndez Díaz.
- B. Augas de Galicia.
- C. Instituto Estudios do Territorio (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda).

**DIRECCIÓN**

Asociación Mariñas-Betanzos.
Antiga Cámara Agraria. San Marcos, s/n.
15318 Abegondo (A Coruña).

CONTACTO

info@marinasbetanzos.gal
981 669 541

[HTTPS://WWW.MARINASBETANZOS.GAL](https://www.marinasbetanzos.gal)